

Cada 24 de febreiro celebramos Día de Rosalía de Castro.



Rosalía de Castro

Rosalía de Castro naceu o 24 de febreiro de 1837 en Santiago de Compostela e pasou unha infancia moi feliz coa súa nai en Padrón.

Volveu, xa de moza, a Santiago a estudar música, arte e literatura e alí coñeceu a moitos escritores galegos.

Despois marchou a Madrid onde coñeceu a Manuel Murguía co que casou e tivo sete fillos.

Rosalía foi unha escritora e poetisa galega moi importante. O seu libro «Cantares Gallegos» era o primeiro que se escribía, despois de moitos anos, no noso idioma. Para celebrar a publicación deste libro de poemas, cada 17 de maio celebramos o Día das Letras Galegas e cada 24 de febreiro lembramos que ese día foi o do nacemento da nosa escritora máis ilustre.

Un repoludo gaiteiro
de pano sedán vestido,
como un príncipe cumprido,
cariñoso e falangueiro,
entre os mozos o primeiro
e nas soedades sen par,
tiña costume en cantar
aló pola mañanciña:
*Con esta miña gaitiña
ás nenas hei de enganar.*

Sempre pola vila entraba
con aquel de señorío;
sempre con puxante brío
co tambor se acompasaba;
e se na gaita sopraba,
era tan doce soprar,
que ben fixera en cantar
aló pola mañanciña:
*Con esta miña gaitiña
ás nenas hei de enganar.*



O gaiteiro, óleo de Luis Seoane, 1950

*O que nunca estivo lonxe
non sabe o que é padecer,
de lonxe as penas aumentan
para quen sabe querer.*

*Adiós ríos, adiós fontes,
adiós regatos pequenos
adiós vista dos meus ollos,
non sei cando nos veremos!*

*Non me olvides, queridíña,
Si morro de soídás...*

*Tantas legoas mar adentro...
¡Miña casíña! ¡Meu lar!...*

Rosalía

Para achegarvos á poesía da nosa escritora máis universal, podedes visualizar estas propostas que grandes intérpretes galegos teñen realizado arredor da obra de Rosalía.

Narf:

<https://www.youtube.com/watch?v=M8RbDgDb7kQ>

<https://www.youtube.com/watch?v=AHg1C6YSx5s>

Entrevista co autor sobre o seu achegamento a Rosalía: <https://www.youtube.com/watch?v=0MJy-zAAAX0>

Son Trío:

<https://www.youtube.com/watch?v=POOo4lIGkLI>

<https://www.youtube.com/watch?v=w0wg-f6tMB0&feature=youtu.be>

De vacas (Rexurdimento):

<https://www.youtube.com/watch?v=qkJBWfiYPTI>

Uxía (Rosalía pequeniña):

<https://www.youtube.com/watch?v=9HegAZwF4fQ>

Uxía (Alborada):

<https://www.youtube.com/watch?v=oBD8lk7f64E>